

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

2	A guerra é a salvación da Humanidade fai avanzar a Ciencia, desenrola ao pobo, crea industrias importantes	16	fusiles, pistolas, metralletas, escuadras, canóns aéreos e antiaéreos, bombas atómicas, de mao e de napalm
4	e potentes, fai florecer a Economía dun xeito case milagroso, asegura	18	erguen unha música doce e harmoniosa que a xente escoita compracida
6	a paz, é construtiva, serve de inspiración aos cantos épicos,	20	e enlevada. Todos van á morte moi felices, os feridos teñen nos beizos
8	fabrica heroes inmortais e lexendarios. Na guerra un pode demostrar o seu	22	a flor dunha sorriso. Non se derrama sangue, ¡ai, eso non!. Os campos
10	valor e o seu valer, gañar ascensos, acadar condecoracións moi prezadas,	24	bombardeados e incendiados seméllanse aos xardíns e ás máxicas
12	brillantes e honrosísimas. En tempo de guerra todo é progreso, ledicia	26	fogueiras do San Xohan. Os homes esquecense de odiar
14	e máis fartura. Mísiles, tanques,	28	e aprenden a amarse de verdade.

Manuel María, 1972.

BLOQUE I

- 1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)
- 2.- Expón a túa opinión sobre as ideas que o autor pretende transmitir co texto. (Mínimo 20 liñas)
(2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Define os fonemas vocálicos das seguintes palabras: *guerra* (liña 1), *flor* (liña 22), *homes* (liña 27). (1 punto)
- 4.- Indica un sinónimo e un antónimo do significado que no texto teñen as seguintes palabras: *crea* (liña 3), *potentes* (liña 4), *gañar* (liña 10), *progreso* (liña 13), *amarse* (liña 28). (1 punto)
- 5.- Localiza as formas *se* do texto indicando o valor de cada unha delas. (1 punto)
- 6.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)
[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: As linguas no estado español: identificación e legalidade. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)]

BLOQUE III

- 7.- Tendencias da lírica na segunda metade do século XX. Grupos de poetas. (Mínimo 20 liñas)
(3 puntos)
[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: A poesía galega a partir de 1975: tendencias, autores e obras. (Mínimo 20 liñas)
(3 puntos)]

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

Como na escola nos ensinaron a identificar unidade política europea con idioma nacional (“para España o español, para Italia o italiano, para Francia o francés, etc.”), o multilingüismo segue a ser unha realidade pouco explorada, considerado como un problema que precisa solución en lugar dunha riqueza da que gabarse. Pero o monolingüismo non é a realidade normal, nin sequera é unha realidade desexable, inevitable ou suficiente. Fóra dese reduccionismo escolar, na maioría das rexións do mundo os individuos desenvolven as súas vidas mediante o uso de varias linguas.

As contas saen de xeito ben doado: temos unhas seis mil linguas e uns douscentos cincuenta estados ou territorios independentes; xa que logo, as linguas teñen que solaparse, compartir territorios e mesmo instalarse á vez nas mentes dos individuos. E o reparto non é equitativo e resiste a calquera análise simplificadora. De entrada hai linguas que gozan de excelente estado de saúde. (...) No outro extremo, a maior parte das linguas da humanidade subsisten en precario: sen posibilidade de acceder aos grandes modelos de prestixio simbólico, sen presenza efectiva nos medios de comunicación, na ciencia ou na arte, as máis das veces mesmo sen existencia por escrito. Como calquera outro reparto de riqueza, o das linguas é problemático pola parte que a todos nos toca de culpabilidade no asunto.

Teresa Moure, 2003.

BLOQUE I

1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)

1.- Partindo do que se di entre as liñas 2 e 4 (desde *o multilingüismo* ata *gabarse*), expón a túa opinión persoal sobre as vantaxes e inconvenientes do multilingüismo. (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- A forma *segue* (liña 2) está en Presente de Indicativo. Conxuga completo o Presente de Indicativo deste verbo e fai o mesmo cos verbos *conducir*, *tusir*, *advertir* e *discutir*. (1 punto)

4.- Indica o significado que no texto teñen as seguintes palabras: *gabarse* (liña 4), *reduccionismo* (liña 5), *doado* (liña 7), *solaparse* (liña 8), *precario* (liña 11). Non son válidas as definicións só con sinónimos. (1 punto)

5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Hai linguas que gozan de excelente estado de saúde*. (1 punto)

6.- O galego entre 1936 e 1975. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)

[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: As variedades dialectais. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)]

BLOQUE III

7.- O teatro galego do século XX. Tendencias. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)

[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: O teatro galego no século XX. O teatro da época das *Irmandades*. A posguerra. Propostas nos últimos anos. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)]

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 1

2 O mozo maldiciu, ergueuse furioso e tirou a banqueta dunha patada. O home de pelo cano, ao
falarlle, miraba na camiseta, coa lenda de Iron Maiden, o espectro monstruoso **que** suxeitaba coas mans
os extremos dun cable de alta tensión e lostregaba polos ollos. O pelo do espectro era moi longo e dun
4 branco de neve.

¿**Que** fas? ¡Pon a banqueta dereita!

6 Estaban vendo o partido televisado. O rival metera o gol do empate e alonxábanse as
posibilidades de **que** o Deportivo da Coruña acadara o campionato. Só faltaban cinco minutos para
8 terminar o encontro. Ao fondo da cociña, palillaba flores de encaixe a nai. Aquel son industrioso
pertencía á orde natural da casa. Facíase notar cando non existía.

10 A culpa é del, dixo o mozo con resentimento.

¿De quen? Tamén o home de pelo cano se sentía molesto.

12 ¿De quen vai ser? ¡Mira que é burro!

¿Por que lle chamas burro? ¡Non sabes nin de **que** falas!

14 Estabamos gañando, estabamos gañando e vai e cambia a un dianteiro por un defensa. Sempre
recúa. ¿Non te das conta de que sempre recúa?

16 ¿Está el no campo? Dime. ¿Está el no campo? ¿Non hai once tipos **que** xogan? ¿Por que lle botades
a culpa a el?

18 ¡Porque a ten! ¿Por que non saca a Claudio? ¿A ver? ¿Por que non? Iamos gañando e vai e cambia
a Salinas. ¡Todo ao carallo!

Manuel Rivas, 1995

BLOQUE I

1.- Indica cal é o tema do texto e fai unha síntese del. (1 punto)

2.- Expón a túa opinión persoal sobre a importancia que se lle dá ó fútbol na nosa sociedade.
(Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

3.- Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *mozo* (liña 1), *home*
(liña 1), *extremos* (liña 3), *pelo* (liña 3), *metera* (liña 6). (1 punto)

4.- Indica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *cano* (liñas 1 e 11), *lostregaba*
(liña 3), *rival* (liña 6), *resentimento* (liña 10), *recúa* (liña 15). Non son válidas as definicións só
con sinónimos. (1 punto)

5.- Indica os valores dos *que* resaltados no texto (en negriña e sublinados). (1 punto)

6.- A normalización lingüística do galego. Estado actual e perspectivas da lingua galega. (Mínimo
15 liñas) (1 punto)

[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte
pregunta: O proceso de normalización lingüística do galego. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)]

BLOQUE III

7.- Os modelos narrativos de finais do século XX. Características. Autores e obras. (Mínimo
20 liñas) (3 puntos)

[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte
pregunta: A narrativa galega a partir de 1975: tendencias, autores e obras. (Mínimo 20 liñas)
(3 puntos)]

LÍNGUA GALEGA E LITERATURA

OPCIÓN 2

Hai un fenómeno relativamente recente e progresivo que, nacido nos centros da sociedade industrializada, está chegando agora ás periferias: o *ocultamento* da morte. Fronte aos cortexos fúnebres nas rúas, aos vestidos de loito, aos veciños desfilando pola casa do finado, todo se desenvolve agora “na máis estrita intimidade”. A morte de ser un feito público retírase á esfera do privado.

¿Como valorar isto? A sociedade vitoriana poñíalles fundas ás patas das mesas porque lles recordaban as pernas das mulleres. A sociedade moderna ponlles muros aos cemiterios pola mesma razón que as avestruces meten a cabeza na area cando pensan non poder seguir fuxindo do seu perseguidor. A morte é o novo tabú que substituíu o sexo, até o punto de que case é de pouco gusto falar dela. Máis os medos non se disolven fuxindo, senón enfrontándose e aprendendo a convivir con eles.(...)

Portela, inspirándose na memoria cultural de Galicia, onde o adro da igrexa era a un tempo cemiterio e campo da festa, racha con esta privacidade malsá e recupera os mortos para o espazo público. As “casas” dos mortos bordean formando grupos, como os “lugares” das nosas aldeas, o camiño normal polo que pasan e pasean os vivos.

Marcial Gondar (adaptado), 2000.

BLOQUE I

- 1.- Fai un esquema coas ideas principais e secundarias do texto. (1 punto)
- 1.- Expón a túa opinión persoal sobre o que se di nos dous primeiros parágrafos do texto (liñas 1-9) (Mínimo 20 liñas) (2 puntos)

BLOQUE II

- 3.- Señala os sufixos das seguintes palabras e indica o seu valor: *relativamente* (liña 1), *progresivo* (liña 1), *industrializada* (liña 2), *intimidade* (liña 4), *perseguidor* (liña 7). (1 punto)
- 4.- *Pernas* (liña 6) e *cabeza* (liña 7) pertencen ó mesmo campo semántico. Indica outros 5 elementos que pertencen a este mesmo campo semántico. (1 punto)
- 5.- Analiza sintacticamente a seguinte oración: *A morte é o novo tabú que substituíu o sexo.* (1 punto)
- 6.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España. Identificación das linguas, territorio que ocupan e marco legal no que se desenvolven. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)
[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: As linguas no estado español: identificación e legalidade. (Mínimo 15 liñas) (1 punto)]

BLOQUE III

- 7.- A xeración Nós. Características. Autores e obras. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)
[Os alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores deben responder a seguinte pregunta: A literatura na época Nós: Castelao e Dieste. (Mínimo 20 liñas) (3 puntos)]

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o que o autor pretende transmitirnos no texto. Considérase especialmente importante que o alumno perciba o aspecto irónico do texto, polo que serán penalizados aqueles comentarios nos cales se perciba claramente que o alumno non entendeu o pensamento que o autor expresa por medio da ironía. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas —aínda que estean expostas con claridade—, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cada fonema vocálico definido correctamente valorarase con 0'2 puntos.

Os fonemas vocálicos presentes nas palabras indicadas son os seguintes:

- *Guerra*:

Vogal medio-aberta (ou semiaberta) palatal (ou anterior).

Vogal aberta central.

- *Flor*:

Vogal medio-pechada (ou semipechada) velar (ou posterior).

- *Homes*:

Vogal medio-aberta (ou semiaberta) velar (ou posterior)

Vogal medio—pechada (ou semipechada—neste caso, por ser átona mesmo podemos considerar suficiente que se indique simplemente que se trata dunha vogal de abertura media sen indicar o grao—) palatal (ou anterior).

PREGUNTA 4: 1 punto

Para cada palabra da que se indique un sinónimo e antónimo correctos concederanse 0'2 puntos. Se só é correcto un deles concederanse 0'1 puntos.

PREGUNTA 5: 1 punto

Cada un dos *se* que se clasifique correctamente valorarase con 0'25 puntos.

Os *se* presentes no texto son os seguintes:

Non se derrama (liña 22): Impersoal /impersoal activo/ pasiva reflexa (ou denominacións equivalentes).

Seméllanse (liña 25): Formante léxico /formante verbal/ morfema verbal (ou denominacións equivalentes).

Esquécense (liña 27): Formante léxico /formante verbal/ morfema verbal (ou denominacións equivalentes).

Amarse (liña 28) : Recíproco (Tamén se considerará válido que se indique que é OD ou CD. Aínda que inexacto tamén se permitirá que se indique que é reflexivo).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre as linguas existentes no estado español, ofrecendo datos sobre o territorio que ocupan e a situación legal na que se atopan.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias que presenta a lírica galega na segunda metade do século XX. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

[Alumnos que aprobaron esta materia no 2003 ou anteriores: Os mesmos criterios que no caso anterior, pero tendo en conta unicamente o período indicado.]

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronomes persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Nas probas do presente ano 2005 non se penalizarán as solucións vixentes con anterioridade á revisión das *Normas* do 2003.

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos

de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas —aínda que estean expostas con claridade—, haxa unha organización pouco rixida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cando o paradigma completo do Presente de Indicativo de cada verbo estea perfectamente indicado, concederanse 0'2 puntos. Cando haxa algún erro nalgunha das 6 formas do mesmo verbo, non se concederá ningunha puntuación nese verbo.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0'2 puntos.

Preténdese valorar que o alumno ou alumna coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre os mesmos, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais son as seguintes:

Hai: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

linguas que gozan de excelente estado de saúde: OD / CD (ou denominacións equivalentes).

que gozan de excelente estado de saúde: Subordinada adxectiva / Subordinada de relativo (ou denominacións equivalentes).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

que: Suxeito (ou denominacións equivalentes).

gozan: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).

de excelente estado de saúde: Suplemento / Complemento preposicional (ou denominacións equivalentes).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumnado demostre o seu coñecemento sobre a situación do galego na época comentada, con referencia á situación política, ó uso oral e ó uso noutros ámbitos comunicativos. A pregunta non estará ben contestada se se centra só na explicación dos movementos reivindicativos do idioma. Nese caso, a valoración máxima será de 0,5 puntos.

[Alumnos que aprobaron a materia no ano 2003 ou anteriores: Preténdese que alumnado demostre o seu coñecemento das variedades dialectais do galego, fundamentalmente no nivel dos tres bloques dialectais e as súas áreas máis relevantes.]

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre as tendencias que presenta o teatro galego durante o século XX. Aínda que se debe facer

mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.

Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.

Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Nas probas do presente ano 2005 non se penalizarán as solucións vixentes con anterioridade á revisión das *Normas* do 2003.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Cada vogal tónica da que se indique correctamente o seu grao de abertura valorarase con 0'2 puntos.

É aberta a vogal tónica de *home*, as demais son pechadas.

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra ben definida concederanse 0'2 puntos.

Preténdese valorar que o alumnado coñeza o significado que ten no texto a palabra indicada e que teña capacidade para explicar este significado. Non é precisa unha definición lexicográfica rigorosa. Non será válida a resposta cando só conteña sinónimos ou tradución a outra lingua.

PREGUNTA 5: 1 punto

Cada un dos *que* que se clasifique correctamente valorarase con 0'2 puntos.

Preténdese que o alumnado indique, cando menos, se en cada un dos *que* estamos ante un pronome ou unha conxunción. No caso de que indique a súa función sintáctica será tamén válido porque se entende que o alumno percibe que é un pronome.

Os valores dos cinco *que* do texto son os seguintes:

- Liña 2: *...monstruoso **que** suxeitaba...*: Pronome relativo (Considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é pronome, que é relativo, que é pronome relativo, ou que ten valor de suxeito).

- Liña 5: *¿**Que** fas?*: Pronome interrogativo (Considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é pronome, que é interrogativo, que é pronome interrogativo, ou que ten valor de obxecto directo).

- Liña 7: *...de **que** o Deportivo...*: Conxunción completiva (Considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é conxunción ou que é completiva).

- Liña 13: *¡Non sabes nin de **que** falas!*: Pronome interrogativo indirecto (Considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é pronome, que é interrogativo, que é pronome interrogativo, que desempeña a función de suplemento –complemento preposicional ou denominacións semellantes- ou, aínda non sendo totalmente exacto, que é un relativo).

- Liña 16: *...tipos **que** xogan...*: Pronome relativo (Considerarase válida a resposta se o alumnado indica que é pronome, que é relativo, que é pronome relativo, ou que ten valor de suxeito).

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre a situación actual do proceso normalizador do galego e a perspectivas que se poden albisca para o futuro.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre os modelos narrativos que se observan na literatura galega a finais do século XX. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

[Alumnos que aprobaron esta materia no 2003 ou anteriores: Os mesmos criterios que no caso anterior, pero tendo en conta o período indicado.]

OPCIÓN 2

PREGUNTA 1: 1 punto

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que o alumnado ten para visualizar a súa estrutura xerárquica por medio da indicación das ideas principais e secundarias.

PREGUNTA 2: 2 puntos

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o aspecto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz.

Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciamento lóxico, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contido, as ideas aparezan confusas e mal conectadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

PREGUNTA 3: 1 punto

Por cada palabra da que indique correctamente o seu sufixo e o valor que ten concederanse 0'2 puntos. Se só se indica o sufixo puntuarase con 0'1 puntos. No que se refire ó valor espérase que o alumnado indique, de xeito aproximado, o significado que o sufixo lle engade á base.

Os sufixos que aparecen son os seguintes:

- *Relativamente*: Sufixo *-mente*. Engádelle á base o valor de: *forma en que se realiza a acción* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Progresivo*: Sufixo *-ivo* (ou *-iv*): O seu valor é o de: *que realiza a acción indicada pola base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Industrializada*: Neste caso podemos distinguir tres sufixos. A resposta considerarase válida con distinguir correctamente tan só un deles. Tamén se aceptará que se indique o sufixo *-alizar*, aínda que sexa a aglutinación de dous, como veremos a continuación:

Os sufixos presentes son:

- *-al*: Presenta o valor de *relacionado co que indica a base, que tende a ser como o que indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *-izar* (ou *-iz*): Presenta o valor de *facer que sexa como indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade)

- *-da* (ou *-ada, -ad* ou *-d*), co valor de participio ou de: *que realizou ou experimentou a acción que indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Intimidade*: Sufixo *-idade* (ou *-dade*). O seu valor é o de: *calidade do que é como indica a base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

- *Perseguidor*: Sufixo *-dor* (ou *-idor*), co valor de: *que realiza a acción indicada pola base* (ou resposta máis ou menos equivalente, sen esixir rigorosidade).

PREGUNTA 4: 1 punto

Por cada palabra correcta concederanse 0'2 puntos.

Preténdese que o alumno ou alumna sinale cinco substantivos que designen partes do corpo humano. Para que sexa considerada válida unha forma deberá estar grafada sen faltas de ortografía e ser unha forma galega.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

PREGUNTA 5: 1 punto

Valorarase que na análise se perciba a xerarquía dos elementos da oración e as relacións entre os mesmos, por medio da indicación das funcións sintácticas.

As funcións oracionais son as seguintes:

- *A morte*: Suxeito.
- *é*: Verbo / Predicado / Cópula / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).
- *o novo tabú que substituíu o sexo*: Atributo / Predicativo do suxeito (ou denominacións equivalentes).
- *que substituíu o sexo*: Subordinada adxectiva / Subordinada de relativo (ou denominacións equivalentes).
- *que*: Suxeito (ou denominacións equivalentes).
- *substituíu*: Verbo / Predicado / Núcleo do predicado (ou denominacións equivalentes).
- *o sexo*: OD / CD (ou denominacións equivalentes).

No frase *o novo tabú que substituíu o sexo* temos dous modificadores (*novo* e *que substituíu o sexo*). Estes dous modificadores están a distinto nivel. Non obstante considerarase válida a análise aínda que se presenten os dous ó mesmo nivel sempre e cando quede claro que van modificando a *tabú*.

PREGUNTA 6: 1 punto

Preténdese que o alumno demostre o seu coñecemento sobre as linguas existentes no estado español, ofrecendo datos sobre o territorio que ocupan e a situación legal na que se atopan.

PREGUNTA 7: 3 puntos

O alumnado deberá expresar os seus coñecementos sobre a literatura da xeración Nós. Aínda que se debe facer mención ós autores e obras máis representativos deste período, non se considerará correctamente respondida esta pregunta cando se limite a unha listaxe de autores e obras. Terase en conta tamén a coherencia da composición, a súa correcta estruturación e a expresión axeitada.

[Alumnos que aprobaron esta materia no 2003 ou anteriores: Os mesmos criterios que no caso anterior, pero tendo en conta unicamente os dous autores indicados.]

Ademais dos contidos conceptuais tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos. Os erros poderán ser:

- **Moi graves**: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
- **Graves**: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
- **Leves**: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Nas probas do presente ano 2005 non se penalizarán as solucións vixentes con anterioridade á revisión das *Normas* do 2003.